

NOTA DE PRENSA EMBARGADA ATA AS 22:00 HORAS

**OS ALCALDABLES DO PSOE EN BARALLA E AS NOGAIS APOSTAN
POLA APROBACIÓN DO PXOM E A MELLORA DOS SERVIZOS DE
ATENCIÓN AOS MAIORES**

O secretario Provincial destacou, tanto de González Del Río como Guiu, “a súa dedicación, ganas e traballo para que os seus concellos progresen. Baixo o paraugas da responsabilidade e do compromiso coa cidadanía, serán quen de abrir o concello a todos, de xestionar dun xeito equitativo, transparente e eficaz os recursos municipais, para garantir o benestar e a calidade de vida dos cidadáns destes municipios”

Os socialistas coinciden en devolver aos seus convencións e conveciñas os servizos que perderon cos gobernos do PP. Neste senso, tanto González como Guiu apostan por mellorar á atención aos dependentes e maiores garantindo os servizos sociais básicos

Baralla e As Nogais, 18 de maio de 2015.- O secretario Provincial –Juan Carlos González Santín- arroupou hoxe en Baralla e As Nogais aos candidatos socialistas – José Jaime González del Río e Alfredo Guiu- en dous mitins celebrados en sendos municipios da Montaña lucense nos que estivo acompañado tamén polo alcaldable de Becerreá -Manolo Martínez- e a deputada no Congreso –Margarita Pérez Herraiz-.

Nestes actos, o secretario Provincial destacou, tanto de González Del Río como Guiu, “a súa dedicación, ganas e traballo para que os seus concellos progresen. Baixo o paraugas da responsabilidade e do compromiso coa cidadanía, serán quen de abrir o concello a todos, de xestionar dun xeito equitativo, transparente e eficaz os recursos municipais, para garantir o benestar e a calidade de vida dos veciños e veciñas de Baralla e As Nogais, así como a igualdade de oportunidades para todos”.

“Cos nosos candidatos chega o cambio que tanto necesitan estes dous municipios. Comezará unha nova etapa que deixará atrás as políticas en desuso que sigue a aplicar o PP e que o único que fan e prexudicar aos veciños e veciñas!”, indicou Santín. “Propoñemos uns gobernos modernos, abertos e participativos que sexan institucións ás que poidan acudir os cidadáns e cidadás para que lles solucionen os seus problemas”, concluíu.

Ordenación axustada ás necesidades

En ámbolos dous casos as propostas socialistas inclúen a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal para que o urbanismo se axuste ás verdadeiras necesidades municipais.

Ademais, os socialistas coinciden en devolver aos seus convencións e conveciñas os servizos que perderon cos gobernos do PP. Neste senso, tanto González como Guiu apostan por mellorar á atención aos dependentes e maiores garantindo os servizos sociais básicos. No caso das Nogais, o candidato anunciou que porá en marcha un centro de día, un servizo moi necesario para o conxunto da cidadanía que, por outra banda, propiciará a



creación de novos postos de traballo. Neste senso, os socialistas das Nogais comprométese coa promoción e creación de emprego, o equipo de Guiu realizará un maior investimento, aforrando noutras áreas do concello ao tramitar a compra de materiais, suministros e servizos a través da oferta pública e anuncian unha redución dos salarios dos cargos políticos. Neste ámbito, o proxecto socialista aposta tamén pola creación dunha bolsa pública local de emprego.

No caso de Baralla, os novos empregos que no caso de Baralla virán da oferta pública de persoal de apoio en coidados aos maiores e dependentes.

Completo proxecto para Baralla

O proxecto socialista de Baralla inclúe tamén a resituación do punto limpo nun lugar máis axeitado ao proposto polo actual goberno. Promoverán a actividade das escolas deportivas e das asociacións culturais e reducirán na medida do posible as taxas e impostos municipais. Os socialistas anunciaron que remarán “como é debido” a área recreativa e mellorarán os accesos aos núcleos rurais e o alumeadado público con lámparas LED, o que permitirá “aforrar custos e mellorar a iluminación municipal”.

O alcaldable de Baralla anunciou tamén “unha total transparencia nos gastos municipais, na contratación de obras e dos postos de traballo dependentes do concello, con igualdade de oportunidades para todos e todas”.

Turismo para a recuperación económica de As Nogais

Pola súa banda, Guiu explicou que se goberna a partir do 24 de maio, realizará unha promoción turística a través de convenios con outras administracións, concellos limítrofes e axencias de viaxes. Asemade, anuncian a recuperación da feira mensual do municipio, que, sumado á promoción turística, redundaría nun importante beneficio económico para As Nogais.

Ademais, a intención dos socialistas é a de crear un goberno próximo á cidadanía. Para iso, actualizarase a páxina web do concello, na que aparecerá toda a información relativa ao mesmo (plenos, contas, orzamentos, compras, recursos...). Ademais, preténdese mellorar a emisora local de radio e nomear a pedáneos para ter un coñecemento permanente das necesidades de cada núcleo de poboación.

